

## **Ordenanza fiscal núm. 4**

# **Ordenanza reguladora da taxa polas entradas de vehículos a través das beirarrúas.**

### *Artigo 1. Fundamento e natureza.*

O amparo do previsto nos artigos 58 e 20.3h da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 ó 19 deste texto legal, este Concello establece a taxa polas entradas de vehículos a través das beirarrúas.

### *Artigo 2. Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa o aproveitamento especial que ten lugar pola entrada de vehículos a través das beirarrúas.

### *Artigo 3. Suxeitos pasivos.*

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, a favor das cales se outorgan as licenzas para gozar do aproveitamento especial, ou os que se beneficien do aproveitamento, si se procedeu ó desfrute sen a oportuna autorización.
2. Nas taxas establecidas por entradas de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas, terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais que den acceso a estas entradas de vehículos, quenes poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

### *Artigo 4. Responsables.*

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.
2. Os copartícipes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, responderá, solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.
3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes, transmitiranse os socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles houbera adxudicado.
4. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaron os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:
  - a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
  - b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
  - c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data do cese.
5. A responsabilidade esixirase en calquera caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.
6. As taxas Liquidadas a persoas físicas e xurídicas que solicitasen a licenza para gozar dos aproveitamentos especiais en exercicio da explotación mencionada. Caso que a certificación

se expida con contido negativo, o solicitante estará exento de responsabilidade polas débedas existentes na data de adquisición da explotación económica.

### ***Artigo 5. Beneficios fiscais.***

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidade Locais, non estarán obrigados ó pagamento da taxa cando soliciten licenza para gozar dos aproveitamentos especiais referidos no artigo 1 desta Ordenanza, sempre que sexan necesarios para os servizos públicos de comunicacións, que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen a seguridade cidadán ou a defensa nacional.
2. Non se aplicarán bonificación nin reducións para a determinación da débeda.

### ***Artigo 6. Cota tributaria.***

Entrada de vehículos a edificios ou cocheras particulares ou aparcamentos individuais de propiedade particular dentro dun aparcamento xeral da comunidade de propietarios, 18 euros anuais.

### ***Artigo 7. Acreditación.***

1. A taxa acreditarase cando se inicie o aproveitamento especial, momento que, a estes efectos, enténdese que coincide co da concesión da licenza, si a mesma fose solicitada.
2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, será preciso depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para gozar do aproveitamento regulado nesta Ordenanza.
3. Cando se fixe o aproveitamento especial sen solicitar licenza, a acreditación da taxa ten lugar no momento do inicio deste aproveitamento.

### ***Artigo 8. Período impositivo.***

O período impositivo comprende o ano natural e iníciase coa solicitude de licenza.

### ***Artigo 9. Réxime de declaración e ingreso.***

1. A taxa poderase esixir en réxime de autoliquidación.
2. Cando se solicite licenza para gozar do aproveitamento especial, xuntarse plano detallado do aproveitamento, declararanse as características do mesmo e presentarse debidamente cumprimentado o impreso de autoliquidación da taxa.  
Alternativamente, poden presentarse no Servizo Municipal competente os elementos da declaración co obxecto de que o funcionario municipal competente, preste a asistencia precisa para determinar a débeda.
3. Expedirase un abonaré ao interesado, co obxecto de que poida satisfacer a cota naquel momento, ou no prazo de dez días, nos lugares de pago indicados no propio aboaré.
4. Tratándose de aproveitamentos especiais que se fagan ó longo de varios exercicios, o pago

da taxa efectuarase no primeiro trimestre de cada ano. Coa finalidade de facilitar o pago, o Concello remitirá ao domicilio do suxeito pasivo un documento apto para permitir o pago en entidades bancarias colaboradoras.

Nembargantes, a non recepción do documento de pago mencionado non invalida a obriga de satisfacer a taxa en período determinado polo Concello no seu calendario fiscal.

5. O suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa, neste caso, ordenarase o cargo en conta bancaria en calquera data do período de pago voluntario.

### **Artigo 10. Notificacións das taxas.**

1. Nos supostos de aproveitamentos especiais continuados que se estendan a varios exercicios, a primeira liquidación terá carácter periódico, notificarase persoalmente ó solicitante xunto coa alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.
2. Ao amparo do que prevé a Disposición Transitoria segunda da Lei 25/1998, as taxas de carácter periódico reguladas nesta Ordenanza, que son consecuencia da transformación dos anteriores prezos públicos non están suxeitas ao requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida co obrigado ao pago do prezo público ao que substitúe.

### **Artigo 11. Xestión por delegación.**

1. Si a xestión do tributo fose delegada á Deputación de Ourense, as normas contidas nos artigos anteriores serán aplicables as actuacións que debe facer a Administración delegada.
2. O organismo de Xestión Tributaria establecerá os circuítos administrativos máis convenientes para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas de aquelas, ou os procedementos de liquidación ou recadación.
3. Tódalas actuación de xestión e recadación que leve a cabo o Organismo de Xestión Tributaria axustaranse ao que prevé a normativa vixente e a súa Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde aos Municipios da provincia de Ourense que delegaron as súas facultades á Deputación.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 18 de novembro de 1998 e que quedou definitivamente aprobada en data 30 de decembro de 1998, rexerá a partir do 1 de xaneiro de 1999 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.